



MANUAL DE GRUPOS DE AXUDA MUTUA

·Desenvolvido por María Reimóndez e Ania Piñeiro·

ÍNDICE

Introdución

1. A metodoloxía GAM

2. Qué é un GAM?

3. Funcionamento dun GAM

4. Aplicación da metodoloxía GAM

INTRODUCCIÓN

Este Manual ten unha dobre función, por unha banda guiar ás persoas que van acompañar a formación dos Grupos de Axuda Mutua (GAM) e polo outra servir de material para formar os grupos mesmos. A última parte do Manual é exclusiva para o persoal ou voluntariado da Organización Promotora.

Cada unidade consta dunha pequena base teórica que cómpre coñecer para desenvolver logo os exercicios prácticos que se propoñen. A formación é, polo tanto, de índole práctica e debe afastarse do enfoque da clase maxistral ou “charla”.

1. A METODOLOXÍA GAM

Breve contexto histórico da metodoloxía GAM

A metodoloxía dos Grupos de Axuda Mutua (GAM) nace no ano 1984 da man da ONG de Karnataka (India) MYRADA. Esta organización foi quen de traducir as evolucións no pensamento e práctica de erradicación da pobreza nunha metodoloxía que superase as eivas atopadas.

Por unha banda, os métodos de erradicación da pobreza centráranse unicamente en tentar suplir carencias, sobre todo de tipo material pero isto, ademais de crear dependencia, non conseguía sacar ás persoas da súa situación de pobreza. As persoas permanecían na mesma posición. Entender a pobreza como unha posición no canto de como unha carencia foi o primeiro paso para que puidese desenvolverse esta metodoloxía.

Ao mesmo tempo, o feito de ver ás persoas pobres como problemas e non como persoas con potencial e capacidades de cambio tamén reforzaba a súa posición na sociedade. Unha das potencialidades que comezou a explorarse xa nos anos 70 e que constitúe unha base fundamental do funcionamento dos GAM é a capacidade para o aforro e o crédito. Foi nesta década cando o economista bangladexí e posterior Premio Nobel da Paz Muhammad Yunus ideou as bases do microcrédito. O microcrédito nace da constatación de que moitas veces, para saír dunha situación de pobreza extrema, as persoas precisan de cantidades ínfimas de diñeiro que ningún banco lles empresta, tanto pola contía como por carecer de capital. É así que Yunus ideou un banco, o Grameen Bank, no que as propias persoas pobres puidesen aforrar e dar crédito entre elas, co garante do seu comportamento

colectivo. O microcrédito constatou que calquera persoa, mesmo a máis empobrecida, ten capacidade para o aforro, por pequeno que sexa. Finalmente, durante moitos anos as capacidades das mulleres quedaron fóra de calquera reflexión sobre o desenvolvemento, ademais de non considerarse a súa posición como diferente e menos vantaxosa debido aos papeis de xénero de todas as sociedades.

MYRADA tirou destes fíos para idear unha metodoloxía que se centrara nas potencialidades das mulleres reunidas para cambiar non só o económico senón o social e o político. Esta foi a orixe dos GAM!

Bases da metodoloxía

A metodoloxía GAM baséase na crenza de que todas as persoas temos potencial para cambiar a nosa situación e o que nos rodea. Tamén se basea na crenza de que para cambiar a nosa situación o máis importante é traballar sobre os dereitos das persoas e utilizar a forza do grupo para incidir na sociedade.

No caso das mulleres, que padecemos discriminación polo mero feito de selo, agruparse e actuar xuntas é o primeiro paso para superar todo tipo de situacións de pobreza, marxinalidade ou discriminación.

A metodoloxía GAM baséase en tres piares:

- O social: apoio ás integrantes
- O económico: capacidade de crecemento económico independente a nivel individual e colectivo
- O político: intervención na sociedade esixindo responsabilidades

En resumo, trata os problemas das persoas non dende o punto de vista do desenvolvemento, senón do empoderamento. O *empoderamento* é conseguir que unha persoa poida exercer os seus dereitos e expandir as súas capacidades ao máximo posible.

A metodoloxía baséase no concepto da *axuda mutua* ou *axuda*

entre iguais. É dicir, é o grupo quen ten que resolver os seus problemas e os das súas integrantes, tomar decisións e asumir responsabilidades sen depender doutras entidades externas.

Dinámica 1.1 Cales son as diferenzas?

Cales son as diferenzas?

Obxectivo: reflexionar sobre a diferenza entre o enfoque de desenvolvemento e de empoderamento.

Descrición: mostrarase o cadro seguinte e preguntárase ás participantes cales son as diferenzas entre unha solución e outra.

Deuse formación ás mulleres para fundar negocios: -aumentaron os ingresos	Na casa non son elas as que deciden en que se inviste	As mulleres organízanse para controlar os seus ingresos e deciden en que investir os seus cartos
Constrúese unha escola: -Hai máis nenos que asisten á clase	As nenas fican na casa	Sensibilízase a toda a comunidade sobre a igualdade de xénero
Organízanse cursos de formación para a mocidade para atopar emprego: -Hai máis mozas e mozos formados	O programa está deseñado sen ter en conta as necesidades do mercado laboral, co cal non conseguen traballo	As mozas e mozos deciden que tipo de formación queren e organízanse para poñela en marcha.

Debateremos as respostas presentadas e terminaremos a dinámica explicando que a columna da esquerda present solucións baseadas

na idea de **desenvolvemento** e a da dereita, de **empoderamento**. O enfoque de desenvolvemento implica un **cambio positivo pero sen control, cambio de condición** fronte ao empoderamento que implica o **control da vida e un cambio de posición**.

Materiais: cadro.

Tempo: 20 minutos.

Mensaxes: o enfoque de desenvolvemento só busca solucionar carencias pero non cambia no fondo as situacións de pobreza, marxinalidade ou desigualdade.

Dinámica 1.2. O pozo

Obxectivo

Descrición: amosamos unha foto dun pozo, no que caeu unha persoa. Dividiremos o grupo en tres, un terá só auga e alimentos, outro terá unha corda e unha polea, outro terá unha lanterna e un teléfono. Cada un dos grupos explicará como vai resolver o problema cos ferramentas existentes. Veremos que só aquel que ten a corda e a polea podería sacar a persoa do pozo, os outros grupos non poderían máis que tomar medidas paliativas.

Materias:

- Foto dun pozo.

- Tarxetas cun debuxo ou simplemente o nome de cada un dos elementos necesarios.

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- Moitos enfoques para loitar contra a pobreza ou a marxinalidade utilizan ferramentas que son só paliativas.

Dinámica 1.3. O seu mapa, o noso mapa

Obxectivo

Descrición: entregaremos un mapa oficial do Concello e preguntaremos ás participantes se podemos saber, mirando ese mapa, cales son as condicións de vida das persoas. Por que podemos? Por que non?

Materias

Tempo: 15 minutos.

Mensaxes:

- Somos as persoas as que temos os coñecementos.
- Somos as persoas as que habitamos os lugares.
- Somos polo tanto as persoas as que debemos analizar, reflexionar e decidir.
- Está na nosa man tomar a iniciativa.

Conclusións: o empoderamento implica moitas veces opoñerse aos poderes existentes. É un proceso lento e que cada persoa ten que emprender por si mesma, as demais podemos actuar como axentes desencadeantes. O empoderamento só pode acontecer se creamos espazos onde poder crecer e exercer responsabilidades co apoio das nosas iguais.

2. QUE É UN GAM?

Un Grupo de Axuda Mutua (GAM) é un grupos de entre 15 e 20 mulleres que se reúnen de xeito periódico, que funcionan de forma democrática e por consenso e que buscan solventar os problemas das súas integrantes e da comunidade na que se insiren dende o punto de vista social, económico e político. Son as propias integrantes quen deben atopar os xeitos e recursos para facer fronte á súa situación e tomar as rendas da súa vida esixindo ás instancias públicas os servizos aos que teñen dereito. Os elementos fundamentais dun GAM inclúen o apoio mutuo, o aforro e crédito entre as súas integrantes e a intervención comunitaria.

Ademais, cómpre ter en conta as seguintes características importantes:

- Homoxeneidade e afinidade: as integrantes do grupo deben provir do mesmo entorno socioeconómico, compartir un entendemento semellante do grupo e vivir no mesmo lugar.
- Participación voluntaria: ninguén pode obrigar a unha muller a formar parte dun GAM, nin por amizade nin por situación familiar ou de poder. Debe ser a muller de forma individual e por propio convencemento quen se una ao grupo.
- Énfase na axuda entre iguais: a base desta metodoloxía é o apoio entre persoas que están en situación semellante. O grupo debe partir da base de que son elas quen deben solucionar os problemas que se lles presenten. Mediante o debate e a reflexión as integrantes deben buscar as solucións que lles parezan máis axeitadas.
- Asociación informal: un GAM non é unha asociación legalmente constituída, é sempre unha agrupación informal de persoas.
- Liderado rotatorio: todas as integrantes do grupo teñen os mesmos dereitos e todas deben liderar a xuntanza do grupo de forma rotatoria. Para isto adoita facilitarse un pequeno documento de referencia gráfica para que saiban os pasos que deben de dar durante as súas xuntanzas. Ao final de cada xuntanza deben escoller a moderadora

da seguinte. Desta maneira todas aprenden a moderar o grupo e van desenvolvendo, coa axuda das demais, as capacidades necesarias para facelo.

- Non partidarios nin relixiosos: un GAM é unha entidade que non pode ser promovida con fins alleos aos das propias mulleres. Non deben comezarse GAM por afinidades partidarias ou relixiosas e estes son temas que deben quedar fóra do debate do GAM.

2.1. A FORZA DO GRUPO

O primeiro elemento que debe comprenderse como o valor dun GAM é o mero feito de reunirmos e traballar unidas polo noso benestar. En grupo somos fortes.

Dinámica 2.1.1. A colcha

Obxectivo: estar nun grupo facilita a nosa vida.

Descrición: amosaremos un anaco dunha colcha de patchwork ou gancho. Cal é o xeito máis doado de completar a colcha? Analizaremos as solucións e sacaremos conclusións.

Materias: anaco dunha colcha.

Tempo: 15 minutos.

Mensaxes: en grupo temos capacidade de facer moitas máis cousas mellor e máis rápido.

Dinámica 2.1.2. Xogo da corda

Obxectivo: amosar que a unión fai a forza.

Descrición: pediremos dúas voluntarias do grupo. Teremos preparada a corda coa que xogar a tirar, unha de cada lado, ata que unha cruce unha liña que pintaremos ou determinaremos no chan. Coa persoa que gañe

faremos unha nova rolda do xogo. Todas as participantes tirarán agora do outro lado. Reflexionaremos sobre a dinámica: unha persoa soa pode moitas veces verse vencida por un problema pero se nos unimos somos máis fortes.

Materias: corda.

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- As persoas unidas temos máis forza cós nosos problemas individuais.
- É importante que todas tiren na mesma dirección.

Dinámica 2.1.3. A historia de XXX

Obxectivo: amosar as vantaxes individuais do apoio entre iguais.

Descrición: leremos a historia de XXX.

XXX ten unha filla enferma. Antes non podía traballar porque tiña que atendela pero dende que está no grupo foi capaz de poñer en marcha o seu negocio porque o resto de compañeiras fan quendas para botarlle unha man á hora de atender á súa filla. Ademais, agora pode pedir cartos ao grupo se ten calquera emerxencia e a ten que levar ao hospital.

Que cousas pode facer agora XXX e que antes non podía? Que aprendemos desta historia?

Materias: tarxeta coa historia de XXXX.

Tempo: 20 minutos

Mensaxes:

- Cando empezamos a apoiar a quen está preto todas nos beneficiamos de máis tempo e con el posibilidades de facer cousas na vida.
- O grupo é o lugar onde exercer, dar e recibir, o apoio entre iguais.

Como conclusión:

- Cando nos unimos, temos forza
- Hai moitos problemas que non se poden solucionar a nivel individual (violencia de xénero, infraestruturas, etc).
- O grupo xa é un fin en si mesmo.

2.2. CARACTERÍSTICAS DUN GRUPO

Un GAM non é un grupo calquera, é importante coñecer ben as características que o diferencian doutro tipo de agrupacións.

Dinámica 2.2.1 Trivial

Obxectivo: amosar as características dun GAM fronte a outro tipo de agrupacións.

Descrición:

- Faremos varios grupos dependendo do tamaño (nunca máis de catro) e realizaremos unha serie de preguntas por quendas. Hai tres respostas para cada pregunta, o equipo debe elixir a que lle pareza correcta, se falla pasará ao grupo seguinte. Despois de cada pregunta explicaranse aspectos de relevancia.
- Ao remate do xogo revisaranse as características dun GAM.

Materias: fichas do Trivial coas seguintes PREGUNTAS:

1. Cantas persoas deben integrar un GAM?

- Entre 15 e 20.
- 5.
- Máis de 10.

Este número é importante porque de ser menos o aforro sería demasiado pequeno para poder chegar a cantidades significativas no tempo suficiente. Un grupo maior non permitiría un debate fluído e o coñecemento e interacción necesario entre as integrantes.

2. Con que frecuencia debe reunirse un grupo?

- Unha vez á semana.
- Cando teña algo que tratar.
- Cando o soliciten tres integrantes.

Un GAM debe reunirse unha vez á semana, sempre á mesma hora, día da semana e lugar, segundo a decisión de todas as integrantes. Isto axuda a que non haxa confusión en canto ás xuntanzas e tamén que se manteña a regularidade das actividades.

3. O aforro é opcional ou obrigatorio?

- Nun GAM non se aforra.
- Non se pode estar nun GAM sen aforrar, é obrigatorio.
- Se as integrantes así o deciden, poden deixar de aforrar.

O aforro é parte fundamental dos GAM e non se pode funcionar sen que TODAS as integrantes aforren porque se non o piar económico do grupo non podería funcionar.

4. Que persoas deben formar parte dun GAM?

- Calquera que teña interese.
- Mulleres que compartan a mesma situación socioeconómica, que vivan

no mesmo lugar e queiran integrarse nel voluntariamente.

- Crianzas.

Debido á desigualdade de xénero que afecta o acceso á palabra pública, decisións sociais, recursos económicos e tempo das mulleres os GAM só se organizan con mulleres. O feito de que compartan as mesmas circunstancias socioeconómicas é o que asegura que poidan aforrar cantidades semellantes, que compartan intereses e que poidan organizarse. Vivir no mesmo lugar é imprescindible dado que teñen que xuntarse cada semana.

5. A cantas persoas debe dar un crédito un GAM?

- A calquera que non forme parte do grupo.

- **Ás que o soliciten, sempre e cando haxa fondo suficiente e todas estean de acordo en concedelo.**

- Un GAM non debe dar crédito a ninguén.

Todas as integrantes teñen dereito a acceder a crédito pero deben presentar o seu proxecto no grupo e este debe aprobalo antes de conceder o crédito.

6. Como deben tomarse as decisións nun GAM?

- En cada xuntanza decide unha das integrantes.

- Decide por maioría absoluta.

- **Todas deciden por consenso.**

A única forma de toma de decisións dentro dun grupo é o consenso.

7. Que rexistros debe levar un GAM?

- Un GAM non leva ningún rexistro.

- **Das súas integrantes, dos debates e decisións mediante actas e de todas as transaccións económicas.**

- Do diñeiro que ten.

Os rexistros son fundamentais para que todas as integrantes participen das decisións tomadas, saiban como están as cuestións económicas e para manter unha transparencia interna e externa.

Tempo: 45 minutos

Mensaxes:

- Un GAM é distinto a outro tipo de grupos.

- Se non se cumpren as normas básicas dun GAM o grupo fracasará ou será outro tipo de entidade.

- É importante respectar sempre estes aspectos básicos a hora de formar/participar nun GAM.

2.3. ESTRUCTURA

Nun grupo todas as integrantes teñen os mesmos dereitos e non hai representantes. Todas deben exercer de moderadoras, é dicir, dirixir a xuntanza. O grupo conta só cunha secretaria para levar os libros e que cambiará cada dous anos como máximo. Moderar a xuntanza implica seguir os puntos origatorios da xuntanza, moderar o debate e asegurar a participación de todas. A secretaria ten a responsabilidade de levar os libros correctamente e de asinar nas cartillas individuais e no libro do grupo.

Dinámica 2.3.1. As partes do corpo

Obxectivo: amosar que todas as persoas temos capacidades diferentes e necesarias para o grupo.

Descrición:

- Amosaremos unha lámina con partes do corpo e tentaremos definir diferentes funcións de cada parte do corpo.

- Compararemos o que acontece coas partes do corpo cos membros dun grupo. Explicaremos as funcións da secretaria e da moderadora.

Materias: lámina coas partes do corpo.

Tempo: 30 minutos

Mensaxes:

- Cada persoa ten diferentes capacidades pero todas son necesarias para o grupo.

- No grupo todas teñen os mesmos dereitos e obrigas, a secretaria desempeña só unha función de servizo ao grupo.

- Ter unha función dada non significa ter máis importancia ca as demais.

2.4. NORMAS

Ningún grupo pode funcionar sen normas. As normas deben acordarse cando se forma un grupo. As integrantes deberán incluír certas normas fixas (xuntanza semanal, aforro e crédito, etc.) e outras que decidirán segundo as súas circunstancias. Algunhas normas que os grupos adoitan adoptar son:

- Multas no caso de chegar tarde ou ausentarse sen razón.
- Que facer se unha integrante deixa o grupo?
- Que facer se unha integrante non devolve un crédito?

Veremos máis adiante os aspectos que deben acordarse de forma

obligatoria, neste punto interésanos a comprensión da necesidade das normas.

Dinámica 2.4.1. Tráfico

Obxectivo: reflexionar sobre a importancia de cumprir as normas

Descrición:

- Amosaremos unha imaxe de catro coches nun cruce. Non hai ningún sinal, que pode pasar?
- Reflexionaremos sobre as respostas ofrecidas co obxectivo da amosar a importancia de contar cunhas normas comúns para que todo o mundo poida participar correctamente nun grupo.

Materias: imaxe de coches nun cruce.

Tempo: 20 minutos.

Mensaxes:

- Sen normas non podemos organizarnos.
- Todas as persoas que integran un grupo deben coñecer as normas para poder participar.

3. FUNCIONAMENTO DUN GAM

As normas de funcionamento dun GAM son simples pero deben cumprirse.

3.1. XUNTANZAS REGULARES

A primeira base fixa da metodoloxía GAM é o feito de manter

xuntanzas semanais. As mulleres deben elixir un día, hora e lugar fixo para a xuntanza segundo a dispoñibilidade de TODAS as integrantes. Se por calquera razón imprevista un grupo non puidese reunirse na súa data habitual deberá recuperar esa xuntanza nunha xuntanza extraordinaria.

Unha xuntanza ordinaria sempre segue a mesma estrutura e debe de ser a moderadora da xuntanza quen vai pasando polos puntos un por un:

- Sentar en círculo: o círculo significa que todas somos iguais
- Saúdo e benvida
- Asistencia: a secretaria debe chamar a cada unha das integrantes para comprobar a súa asistencia.
- Lectura da última acta: isto asegura unha continuidade dos contidos da reunión, facer seguimento dos acordos e tamén se algunha faltou, que estea ao tanto.
- Orde do día: as integrantes propoñen un par de puntos para tratar na xuntanza dese día. Os temas poden ser de calquera tipo, dende compartir información que se recibiu, decidir participar nalgunha actividade, resolver un problema persoal ou comunitario, etc.
- Debate da orde do día: débese chegar a acordos e resolucións que a secretaria fará constar na acta.
- Aforro e crédito: cada unha das integrantes dará o aforro da semana, devolverá crédito se ten pendente e tras este proceso farase un relato dos fondos que a moderadora deberá dicir en alto para que todas saiban o fondo que hai dispoñible. Unha vez completado este proceso poderase solicitar novos créditos. [este proceso explícase posteriormente con maior detalle] Lese o estado financeiro tras o proceso de entrega de créditos.
- Escoller a moderadora da próxima xuntanza
- Lectura da acta e sinatura desta por parte das asistentes.

Dinamica 3.1.1. Que están facendo?

Obxectivo: aclarar o desenvolvemento dunha xuntanza.

Descrición: amosarase un gráfico con viñetas que represente os diferentes momentos dunha xuntanza. Teremos tamén uns papeis co título de cada parte (saúdo, asistencia, etc.) e pediremos ás participantes que describan que acontece en cada unha das viñetas. Unha vez que estea claro en que consiste cada unha das viñetas pediremos ao grupo que poña os títulos a cada unha delas.

Aclararanse as dúbidas que poidan quedar.

Materias:

- Gráfico con viñetas que representen os diferentes momentos da xuntanza.
- Papeis cos títulos de cada momento.

Tempo: 20 minutos.

Mensaxes: é importante seguir cada un dos pasos da xuntanza para poder cumprir os nosos obxectivos como grupo.

3.2. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

Para que un grupo funcione é importante que as súas integrantes teñan uns obxectivos comúns. Antes de poder definir un plan de acción cómpre que as integrantes do grupo comprendan a importancia dos obxectivos e que é un obxectivo comunitario.

Encontra as diferenzas

Obxectivo: amosar a importancia dos obxectivos.

Descrición: amosaremos un debuxo dunha pequena poboación en situación de precariedade. Podemos facer unha representación gráfica na que engadamos información mediante símbolos de cuestións que se entendan como motivos de pobreza (endebedamento, desemprego

etc). Podemos así marcar as casas onde hai persoas desempregadas cunha cor concreta, etc. Preguntaremos ao grupo que vemos no imaxe.

A continuación presentaremos o mesmo lugar pero con evidentes melloras (mellora da estrada, bus regular, máis servizos, menos desemprego, máis zonas verdes, etc). Preguntaremos como pensamos que se chegou da primeira ilustración á segunda. Reflexionaremos sobre a importancia de ter obxectivos, de observar e analizar o que nos rodea e da acción común.

Materias: ilustracións.

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- Para poder chegar a unha mellora primeiro hai que analizar o que nos rodea e ver as súas carencias.
- Para poder chegar a unha mellora precisamos ter obxectivos e estratexias para conseguilos.
- A maioría das cousas non se poden conseguir sen acción común.

3.3. AFORRO, CRÉDITO E FONDO COMÚN

Nun primeiro momento a parte económica pode converterse nun desafío pero axiña será algo totalmente mecánico. Para chegar a este punto canto antes cómpre ter en conta algunhas cuestións básicas con respecto aos tres elementos do pilar económico do grupo.

Aforro

- Todas as integrantes deben aforrar cada semana a cantidade acordada.

- As integrantes do grupo poden decidir comezar a realizar o chamado "aforro social", unha cantidade pequena e voluntaria que contribúen por se hai algún tipo de necesidade común á que facer fronte, por se queren facer un agasallo a unha muller que pariu ou enviar unha coroa de flores a un enterro do familiar dunha delas. O fondo social é un fondo para as propias integrantes, para atender a necesidades que non son produtivas e que teñen unha base de apoio emocional. O fondo social tamén se pode utilizar para actividades festivas ou para organizar formacións internas se as integrantes así o deciden.

- Cada integrante terá unha cartilla individual (ver máis adiante Xestión de documentación) na que a secretaria irá anotando, con sinatura da propia integrante, o aforro que vai dando a persoa cada semana.

- O aforro é a base do funcionamento económico do grupo. Non se pode estar no grupo sen aforrar.

- O aforro non se pode levar do grupo a menos que sexa en forma de crédito ou a menos que a persoa deixe o grupo definitivamente. Neste caso pode levar a cantidade que estea rexistrada na súa cartilla e no libro xeral do grupo pero en ningún caso nin o aforro social nin intereses ou outro tipo de fondo xenerado.

- A cantidade de aforro acordada pode e debe irse aumentando co paso do tempo a medida que a situación económica as integrantes vai mellorando. De partida debe ser a cantidade á que todas poidan chegar sen demasiados problemas. É mellor comezar cun aforro pequeno e ilo aumentando que comezar cunha contía grande e logo ter que reducir porque isto crea desánimo entre as integrantes do grupo.

Dinámica 3.3.1 Encher o caldeiro

Obxectivo: amosar a importancia do aforro individual.

Descrición: poñeremos un caldeiro de auga baleiro no centro do grupo e daremos a cada quen unha cunca. Explicaremos que para poder regar

a horta que nos dá de comer precisamos encher un caldeiro de auga pero cada persoa só pode acceder a unha cunca de auga cada minuto. Pedirémolle a unha persoa que tente encher o caldeiro de auga. Concluiremos que non é posible, ou que levará demasiado tempo. Agora pedimos ao grupo que tente encher o caldeiro, veremos que leva moito menos tempo. A conclusión final é que se tentamos aforrar só cos nosos recursos non chegaremos moi lonxe pero se os poñemos no "caldeiro común" axiña poderemos regar a nosa horta.

Materias:

- Caldeiro
- Cuncas
- Billa próxima

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- Se unimos o noso aforro ao doutras persoas poderemos ter acceso a capital en pouco tempo.

Crédito

Tomar crédito do fondo grupal é o que permite que cada vez teñamos máis cartos á nosa disposición. É por isto fundamental que se comece a retirar crédito o antes posible. O grupo debe ter en conta e establecer acordos nos seguintes puntos:

- Cantidades de crédito / aforro permitidas: como medida inicial de seguridade hai grupos que limitan a cantidade do crédito ao que a persoa ten aforrado e unha porcentaxe máis, só ao dobre do que a persoa ten aforrado ou medidas semellantes. O grupo ten que decidir sobre este punto.
- É importante comezar con créditos pequenos e ir aumentando a

medida que aumente a confianza entre as integrantes do grupo.

- É importante comezar co crédito canto antes para que os cartos non estean parados e resulten improdutivos.

- O grupo debe decidir o tipo de interese que quere aplicar.

- O grupo debe decidir que medidas se tomarán de alguén non devolver un crédito.

- O grupo debe decidir a forma en que se vai poder acceder a crédito. Normalmente a solicitante deberá presentar a súa proposta diante do grupo e este concederá o crédito ou non dependendo da dispoñibilidade de cartos, de cantas mulleres soliciten e cal teña maior necesidade, do proxecto e comportamento da solicitante (se paga sempre o aforro, se cumpre aquilo ao que se compromete, etc)

-O crédito queda igualmente rexistrado tanto no caderno individual como no do grupo.

Dinámica 3.3.2. Fabas na bolsa

Obxectivo: amosar a importancia da rotación de cartos no grupo.

Descrición: colleremos unha bolsa e daremos a cada unha das participantes unha cantidade diferente de fabas, ou outro legume (mínimo de tres). Pedirémolles que poñan cada unha unha faba dentro da bolsa. Logo pediremos a dúas que saquen dúas fabas da bolsa. Todas volverán meter unha faba na bolsa, as que colleron terán que devolver as que colleron, poñer a faba que lles toca, mais unha adicional. Repetiremos esta dinámica un par de veces. Cantas fabas hai agora na bolsa? Veremos a progresión e explicaremos como ao tomar crédito e ilo devolvendo as "fabas" aumentan. Podemos rematar traducindo as fabas en diñeiro para ver cantos cartos amularían dependendo do que aforrasen, do tipo de interese e dos cartos que distribuísen como crédito.

Materias:

- Bolsa
- Fabas

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- É importante que todas as persoas contribúan co aforro para ter un fondo común.
- É importante tomar crédito e que este teña intereses para que o fondo común, e con el a nosa capacidade económica, aumente.

Dinámica 3.3.3 O banco e nosoutras

Obxectivo: amosar as vantaxes económicas dun grupo fronte a un banco.

Descrición: proporemos ao grupo na situación de estaren desempregadas e precisar cartos para montar un negocio, para facer unha formación ou para sacar unha licencia de condución de taxis. En calquera dos tres casos, precisan diñeiro que non teñen para poder xerar máis diñeiro. Darémoslles dúas opcións:

- a) ir a un banco
- b) acudir ao seu grupo.

Poñeremos sobre a mesa unha serie de papeis para avaliar que opción é mellor. As participantes terán que asignar cada cuestión ou ben ao banco ou ben ao grupo. Aquí presentamos as opcións xa ordenadas:

BANCO

- Non ofrece cantidades pequenas de diñeiro
- Esixe garantías
- Xuros altos que non nos dan beneficio ningún
- Non hai flexibilidade nos prazos de pagamento
- Cómpre seguir procesos complicados (papeleo, xuntanzas, etc)

GRUPO

- Podemos acceder a cantidades pequenas de diñeiro
- Podemos acceder aos cartos en situación de necesidade urxente
- Podemos acceder aos cartos con procedementos sinxelos
- Os cartos son nosos sempre
- O garante é o noso propio comportamento
- Os intereses aumentan a nosa capacidade de obter cartos
- Podemos renegociar os prazos de devolución se se dá un imprevisto

Debateremos ao final todas as cuestións e decidiremos que opción é máis viable para o noso negocio.

Materias: papeis coas características, desordenados.

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes: acceder ao crédito do grupo ten importantes e obvias vantaxes, sobre todo que ao devolver os cartos e pagar intereses estamos dándonos a nós mesmas máis oportunidades de facer cousas. Somos nós ademais quen decidimos que se fai co noso diñeiro.

Fondo común

Para rematar coa parte económica dos grupos é importante sinalar que hai outros fondos que tamén se poden engadir ao noso capital para rotar:

- Cota de admisión: as integrantes pagan unha única vez unha pequena cantidade ao unirse ao grupo como compromiso simbólico con este. Se a integrante marchase non podería recuperalos.
- Multas: se o grupo decide poñer multas tamén se acumulan como capital. As multas poden ser por chegar tarde ou por incumprir algunha norma das acordadas.
- Actividades de xeración de ingresos: as integrantes do grupo poden decidir mercar cousas por xunto (aceite, fariña, arroz, carne, peixe, etc) e vendelo entre elas cun pequeno aumento de importe que se engade ao fondo común do grupo. Tamén poden decidir facer algunha actividade (vender roscas, sortear unha cesta) para recadar máis fondo para o grupo.

Para concluír, todo grupo, cando se forma, debe decidir sobre:

- Cantidade de aforro obrigatorio
- Quen e onde se van gardar os cartos (pode ser nunha caixa forte con dúas chaves que teñan dúas integrantes do grupo)
- Contías, prazos e xuros dos créditos
- Que medidas se poñen para asegurar que as integrantes poidan devolver os créditos
- Que acontece se algunha non devolve
- Que acontece cos cartos se algunha deixa o grupo / falece
- Cal é o proceso de acceder a un crédito

3.4. POLÍTICO

O compoñente político dos grupos ten que ver coa toma de conciencia dos nosos dereitos. Como cidadás temos dereitos que debemos esixir en todo momento e ao agruparnos podemos facelo de forma moito máis eficiente.

Dinámica 3.4.1. O vertedoiro

Obxectivo: amosar a importancia da acción política colectiva.

Descrición: na zona onde vivimos e onde temos o noso grupo aparece un vertedoiro incontrolado, que imos facer ao respecto? Deixaremos que o grupo delibere sobre a solución. Normalmente as alternativas que aparecerán serán ou denunciálo ou limpalo nós mesmas. Estableceremos un debate sobre cales son as consecuencias das dúas opcións:

- Se o limpamos nós mesmas pode volver aparecer en calquera momento, ou trasladarse a outro lugar.
- Se esiximos que se limpe e que se busque a orixe do problema á autoridade competente conseguiremos que non se repita e ademais estaremos exercendo o noso dereito cidadán a vivir nunha contorna limpa.

É importante distinguir entre ser autónomas e solucionar os nosos propios problemas e facer o traballo dos poderes públicos. Cando atopamos con problemas que son colectivos e superan as integrantes do grupo para afectar a toda a comunidade a maneira máis sustentable de resolvelos é esixindo das autoridades que fagan o seu traballo.

Para explicar a diferenza podemos tamén poñer como exemplo a decisión do grupo de plantar árbores nunha zona que está derruída ou comezar unha horta comunitaria, algo que é para o beneficio do propio grupo ou mesmo se é para o beneficio común non é en si un dereito e a limpeza do vertedoiro, que si entra dentro das responsabilidades

públicas ao ser de feito un atentado contra a saúde das persoas.

Materias: -

Tempo: 30 minutos.

Mensaxes:

- Como cidadás temos dereitos que cómpre esixir.
- As autoridades a calquera nivel están aí para darnos servizos e garantir uns dereitos pero cómpre que sexamos nos quen nos mobilicemos para que se fagan realidade.

3.5. XESTIÓN DE REXISTROS

Para que un grupo funcione ben, cómpre levar un rexistro escrito de certas cuestións, de maneira que todo o mundo saiba que acontece no grupo e haxa unha xestión transparente das decisións, actividades e cartos.

Dinámica 3.5.1. A memoria non dá

Obxectivo: amosar a importancia dos rexistros escritos.

Descrición: faremos unha roda na que cada persoa terá que dicir un número e o número que dixo a persoa anterior, sen que sexan números correlativos. Por exemplo, a primeira diría 30, a segunda 30, 450, a terceira 30, 450, 60 e así ata o final. Chegará un punto en que será case imposible recordar a serie.

Deteremos o exercicio nese punto para reflexionar sobre as limitacións da nosa memoria e sobre a importancia de contar con rexistros escritos do que se fala, como referencia para as integrantes, como medida de transparencia e para evitar conflitos de memoria!

Materias: -

Tempo: 20 minutos.

Mensaxes:

- É importante manter rexistros escritos para que todo o mundo teña un acceso transparente á información.

- Todas debemos saber que acontece no noso grupo porque nos pertence.

Cómpre nesta altura presentar os modelos de rexistros:

- Libro do grupo: contén as actas de cada xuntanza e o rexistro contable do grupo. A secretaria é a encargada de mantelo.
- Cartilla individual: contén o aforro e crédito de cada persoa. Cada integrante do grupo ten a súa cartilla.

Modelo de libro de grupo:

Na primeira folla debe constar o nome do grupo e a data de constitución.

Data

Moderadora

Número de asistentes (a esa xuntanza en concreto)

Aforro nesta xuntanza

Aforro total [o aforro acumulado ata o presente]

Orde do día

Debate e resolucións

Nome	Asistencia	Aforro	Multa	Crédito emitido			Crédito devolto		Sinatura
				Propósito	Capital	Intereses	Capital	Intereses	
1.Filipa Seixo									
TOTAL									

Ao pasar lista a secretaria vai cubrindo as celas correspondentes. Tras o debate da orde do día cobre as cuestións económicas e a integrante do grupo debe asinar sempre no recadro para amosar a súa conformidade con todo o que se decidiu e cos datos económicos que figuran na súa cela.

Este sistema pode informatizarse pero recoméndase levar un rexistro manual para poder verificalo e sobre todo asinalo.

Modelo de cartilla individual

A cartilla individual consta de dúas metades, a primeira é para rexistrar o aforro e a segunda para rexistrar os créditos. Na primeira páxina da cartilla consta o nome da persoa e do grupo ao que pertence.

MANUAL DE GRUPOS DE AXUDA MUTUA

Implicadas no Desenvolvemento


Data	Aforro semanal	Total	Sinatura da secretaria

Ao entregar o aforro semanal a secretaria ten que asinar na cartilla individual. Así cada muller sabe o que ten aforrado en total dentro do grupo.

Data	Crédito emitido				Crédito devolto		Pendente
	Propósito	Capital	Interese	Prazos	Capital	Intereses	

Mediante esta sinxela táboa a persoa pode saber facilmente canto ten por devolver e cando está pechado un crédito.

4. APLICACIÓN DA METODOLOXÍA GAM



4.1. Introducción

Esta parte corresponde só á formación das persoas que se vaian encargar de formar Grupos de Axuda Mutua e non se contempla como módulo de traballo coas mulleres que van formar o propio grupo.

Para poder poñer en marcha un grupo de axuda mutua e que este funcione, cómpre facelo diante metodoloxías participativas. Se non se seguen estes procesos é probable que rematemos con grupos que non son homoxéneos en canto aos intereses das súas integrantes, que as mulleres consideren que o grupo é algo “dende fóra” e que polo tanto teñamos moitas posibilidades de que o grupo fracase.

As metodoloxías participativas son moi amplas e todas elas se desenvolveron nos países do Sur. A continuación describimos as utilizadas de forma máis habitual para constituír grupos de axuda mutua. Para poder poñer en marcha un grupo de axuda mutua e que este funcione, cómpre facelo diante metodoloxías participativas. Se non se seguen estes procesos é probable que rematemos con grupos que non son homoxéneos en canto aos intereses das súas integrantes, que as mulleres consideren que o grupo é algo “dende fóra” e que polo tanto teñamos moitas posibilidades de que o grupo fracase.

As metodoloxías participativas son moi amplas e todas elas se desenvolveron nos países do Sur. A continuación describimos as utilizadas de forma máis habitual para constituír grupos de axuda mutua. Previamente cómpre definir ben cal é o papel das diferentes entidades que van participar na activación da metodoloxía GAM. Calquera entidade pode decidir comezar a traballar coa metodoloxía dos Grupos de Axuda Mutua. IMPLICADAS traballará sempre en colaboración con entidades que teñan traballo de tipo social nun lugar concreto e fornecerá as formacións e módulos necesarios, ademais de supervisión, segundo se acorde nun plan de traballo concreto para cada lugar.

4.1. Planificación participativa

A planificación participativa consta de varias fases, que veremos de contado:

FASE PREVIA

Selección da zona e organización onde se quere traballar. Buscaranse zonas rurais, con situacións de necesidade socioeconómica e con especial atención á situación das mulleres.

Na fase previa é importante coñecer cal é o perfil do lugar onde imos traballar mediante fontes que nos poidan fornecer contactos locais como concellos ou outras entidades afincadas no terreo. A fase previa inclúe:

- Recollida de información de fontes secundarias
- Delimitación da zona de traballo
- Contactos con entidades e autoridades locais
- Charlas informativas

Unha vez que temos un primeiro nivel de coñecemento de segunda man da comunidade coa que queremos traballar entraremos na seguinte fase, a da planificación en si mesma.

FASE DE PLANIFICACIÓN

Antes de comezar coa metodoloxía do mapa social e ranking socioeconómico cómpre manter o que se denominan contactos informais, é dicir, visitas á zona de traballo para coñecer ás persoas e achegarnos a elas. Definimos a seguir este traballo.

Obxectivo dos contactos informais:

- Establecer confianza
- Recoller información sobre todo cualitativa
- Explicar o que son os GAM
- Suscitar interese entre a comunidade sobre a metodoloxía

Claves de comunicación:

- Actitude aberta e dialogante
- Preguntar sempre de xeito respectuoso e xeral
- escoitar máis que falar
- Aproveitar a oportunidade para ir introducindo o que é un GAM

Estrutura da interacción:

- Saúdo e presentación (quen somos, que facemos aí -informarnos sobre a situación dese lugar co fin de iniciar un programa social)
- Énfase no coñecemento da outra persoa: "gustaríanos saber..." "é vostede/ es ti quen sabe de..."
- Facer preguntas xerais: a que se dedica a xente nesta zona? Hai moito desemprego? Que servizos hai? Etc.
- escoitar con atención, mesmo cando non se responde á pregunta estase dando información que sempre é relevante.
- Concluir se é posible ou ben convocando a unha xuntanza (informativa ou para facer o mapa social) ou recollendo o contacto desa persoa para darlle logo máis información.

Cómpre evitar:

- Cuestións persoais e personalizar
- Tentar convencer ou discutir
- Temas de tipo partidario ou relixioso

Unha vez rematado este proceso, pasaremos ao mapa social e o ranking socioeconómico, que son os pasos fundamentais para formar un GAM. Describimos a seguir os pasos para facer estes procesos.

Lugar: cómpre buscar un lugar público, aberto e doado de atopar.

Hora: axustar o horario a cando as persoas teñan dispoñibilidade, sobre todo as mulleres, para achegarse.

Materiais: papel rotatorio, rotuladores e ceras cores, rotuladores grosos, 2-3 cartolinas, folletos Grupos Axuda Mutua, folio para anotar datos de mulleres interesadas. Cámara de fotos.

Equipo de persoas: dependendo do tamaño do lugar, dúas persoas para atraer xente ao lugar do mapa e como mínimo outras dúas para facilitar a sesión e unha máis para documentar (recoller os datos que se vaian falando, facer fotos, supervisar todo o proceso).

Obxectivos:

- Elaborar o Mapa Social facendo participes ao maior número de persoas.
- Espertar o interese das mulleres do lugar que sexan susceptibles de formar parte do Grupo de Axuda Mutua.

Metodoloxía:

○ primeiro paso e captar xente, ben coas visitas previas ou

que pase polo lugar onde se fai o mapa e animalas/os coa excusa de preguntarlle se saben algo do seu lugar ; Qué sabe vostede de XXX???. I mos tamén repartindo os folletos que explican o que son os GAM, para reforzar.

Cando teñamos un grupiño de xente, antes de poñerse nos mapas se lles fai uns introducción de porque estamos facendo esta actividade, e que é o Mapa Social (temos de apoio nunha cartolina explicado o mesmo).

Xa co papel corrido diante , hai que seleccionar unha persoa que “debuxe” no Mapa as aportacións que irá facendo a xente.

Para comezar a cubrilo , os pasos serán os seguintes:

1. Primeiro poñese o nome de cada parroquia , no lugar que por ubicación imaxinamos que está.
2. Preguntarlles que ESPAZOS PÚBLICOS existen nesas parroquias (escolas, edificios institucionais, igrexas, centros de saúde, parques...). Non fai falla dexalos con imaxes (pode ser unha cor-un símbolo,...). Lembrar poner nunha esquina do mapa o significado de cada símbolo.
3. Preguntar agora polos NÚCLEOS de VIVENDAS que existen e ubicalos tamen nos mapas (non ten que ser loxicamente exacto,...e para ter unha aproximación de ónde hai núcleos maiores e ónde casas máis dispersas).

Durante este proceso as persoas que fan a facilitación deberán facer preguntas sobre cuestións de tipo socioeconómico, non só de tipo físico ou infraestructural. Quen faga a documentación deberá ir recollendo todos os datos.

Unha vez rematado este exercicio e sen que haxa ningunha pausa entre os dous farase o chamado ranking socioeconómico.

1. CADRO DE NECESIDADES. Como conclusión do mapa preguntaremos ás persoas presentes se todo o mundo que habita nese lugar ten as mesmas condicións de vida. Rara vez a contestación será si, mais aínda nese caso pediremos á xente que describa tres categorías de persoas, as que viven ben, as que viven regular e as que viven mal. Pediremos que nos expliquen que significa vivir ben, regular ou mal. É dicir, terán que dar uns criterios que iremos rexistrando nun cadro asignaremos un símbolo a cada un . Cómpre facer unha revisión e orientación para que non queden criterios importantes pero menos evidentes fóra (violencia, discriminación das mulleres, etc.). **Deixaremos que as propias persoas propoñan o cadro de necesidade.**

Máxima necesidade	Necesidade media	Menos necesidade
(estar no paro, non ter ingresos...)		(ter traballo, non ter débeda ningunha...)

Unha vez rematado este proceso pediremos á xente que poña os símbolos nas casas, de maneira que teñamos un mapa das necesidades e desigualdades e poidamos ver a poboación que se atopa nesa situación. Este método é indirecto no sentido en que non se menciona quen vive en cada sitio, aínda que a xente do lugar o sabe. É así que as propias mulleres poden contemplarse como candidatas para a metodoloxía GAM, que precisamente se explica como conclusión deste exercicio. A idea é que ao final da explicación poidamos contar xa cun primeiro grupo de mulleres para formular o GAM. Se non son suficientes haberá que continuar reuníndose e realizando visitas xa ás casas concretas para poder contar co número suficiente para comezar.

FASE DE CREACIÓN DO GRUPO

Unha vez que temos un grupo suficiente de mulleres interesadas poderemos comezar co proceso de formación do grupo. Neste proceso cómpre realizar tres xuntanzas máis ou menos seguidas (non hai por que agardar unha semana neste caso) para poñer as bases do grupo.

Primeira xuntanza

As tarefas que se deben realizar nesta xuntanza son:

- Volver explicar o GAM
- Aprobar a lista de integrantes definitiva
- Fixar a data de xuntanza semanal
- Decidir a cantidade de aforro

Segunda e terceira xuntanza

- Decidir as normas
- Seleccionar a secretaria
- Dar os cadernos e cartillas de grupo e individuais á secretaria

A partir de aí cómpre que as integrantes do grupo reciban a formación que se describe nas primeiras partes deste manual e que se pode ir facendo ao longo das súas propias xuntanzas. Existe un manual de formación de reforzo que se deberá impartir despois de como mínimo 3-6 meses de funcionamento do grupo. Durante polo menos os tres primeiros meses as mulleres precisan acompañamento en cada reunión por parte dunha persoa voluntaria ou traballadora da entidade promotora. Implicadas realizará o seguimento do traballo, formacións e orientación da entidade e das propias mulleres con visitas regulares aos grupos e orientación.

Formar os primeiros grupos é un proceso laborioso pero unha vez que se consegue as propias mulleres activan a creación de grupos novos.

MANUAL DE GRUPOS DE AXUDA MUTUA

Implicadas no Desenvolvimento